

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS**REF: XERENTE-2026_2**

O día 17 de xuño de 2026 publicouse na páxina web do CESGA a Resolución do 11 de xuño pola que se convoca un posto de persoal directivo-xerente da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA). Nesa mesma data, 17 de xuño, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio do 11 de xuño polo que se convoca un posto de persoal directivo-xerente para a súa cobertura.

O día 01 de xullo de 2026 publicouse na páxina web do CESGA a Resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, dando un prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para emendar erros da documentación presentada.

Rematado o dito prazo para a subsanación de erros na documentación presentada, valoradas as alegacións recibidas, e en atribución das funcións conferidas polos propios estatutos da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, conforme ao referido no artigo 5 “Admisión de aspirantes” das bases da convocatoria:

PERSOAS ADMITIDAS:

Apelidos e nome	DNI
PABLO NEO VÁZQUEZ	***3726**
MARÍA PILAR MARTÍNEZ GARCÍA	***4650**
FERNANDO SOUTO IGLESIAS	***0797**

PERSOAS EXCLUÍDAS:

Apelidos e nome	DNI	Causa
JOSÉ CARLOS FERNÁNDEZ-BARJA MARTÍNEZ	***0912**	1
CARLOS RODRÍGUEZ GARCÍA	***6672**	1

LENDAS:

1. Incumpre o artigo 3.2.a) das bases: “Estar en posesión dun título universitario oficial de nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior, establecido polo Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, ou equivalente, nas áreas de Dereito, Economía, Administración e Dirección de Empresas ou Relacións Laborais”.

Segundo.- Publicar esta resolución na páxina web da Fundación CESGA, conforme o recollido no Anuncio do 11 de xuño de 2026 polo que se convoca un posto de persoal directivo-xerente para a súa cobertura (DOG núm. 112, do 17 de xuño).

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia da Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Fundación CESGA, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1 do mesmo texto legal.

Calquera consulta ou aclaración deben dirixirse a:

emprego@cesga.es ou no tfno. 981 569810

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta da Fundación CESGA

Carmen Coteló Queijo

